

1.4	Tramitación de solicitudes de devolución de avais de garantía de licenzas urbanísticas, incluída a emisión dos informes técnicos precisos, sempre que non se realice a tramitación simultánea de primeira ocupación, utilización ou apertura.	30,00 €/ud
1.5	Expedientes de declaración de ruína, tramitados a instancia de parte	155,00 €/ud

## 2.- LICENZAS DE OBRA DE EDIFICACIÓNS, INSTALACIÓNS E CONSTRUCIÓNS

2.1	Por obras de construción, edificacións e instalacións de nova planta, reconstrución, rehabilitación, reforma, acondicionamento e demolición, e as obras menores, sobre o custo real e efectivo conforme art. 6º.1, e sen que poida resultar unha cota inferior a 30,00 €.	0,12% ≥ 30,00 €
-----	---	--------------------

## 3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E UTILIZACIÓN

3.1	De edificacións unifamiliares ou plurifamiliares con uso característico residencial, por cada m2 de superficie construída.	1,20 €/m2
3.2	De naves ou establecementos físicos con uso característico industrial, agropecuario, comercial ou administrativo, e outras análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.	0,80 €/m2
3.3	De edificacións ou establecementos físicos con uso característico o terciario, deportivo, docente, asistencial, hoteleiro, hostaleiro ou establecementos para espectáculos públicos ou actividades recreativas, e outras análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.	0,90 €/m2
3.4	Instalacións de GLP ou similares, ascensores e montacargas, transformadores, antenas de telecomunicacións, depósitos de almacenamento de auga e outras análogas, por unidade	50,00 €/ud
3.5	Instalacións térmicas de produción de auga por aproveitamento da enerxía solar, por cada m2 ou fracción de superficie de placas instaladas. (Excluídos os que estean incorporados nos proxectos de obra de edificacións obxecto de licenza de primeira ocupación, utilización ou actividade)	15,00 €/m2
3.6	Instalacións de produción de enerxía eléctrica con paneis fotovoltaicos, por cada m2 ou fracción de superficie de panel instalado. (Excluídos os que estean incorporados nos proxectos de obra de edificacións obxecto de licenza de primeira ocupación, utilización ou apertura)	22,00 €/m2

Considerarase como uso característico dunha edificación ao uso principal, predominante ou maioritario na mesma, incluída a superficie construída das partes da edificación ou locais anexos que sexan destinadas a usos auxiliares ou complementarios da principal, tales como almacéns, garaxes, alpendres e galpóns, porches, cuartos de instalacións e outros análogos.

## 4.- LICENZAS DE CAMBIO DE USO URBANÍSTICO

4.1	Por cambio de uso característico das edificacións, que non leve asociada a execución de obras, por cada m2 de superficie construída	0,50 €/m2
-----	---	-----------

Considerarase como uso característico dunha edificación ao uso principal, predominante ou maioritario na mesma, incluída a superficie construída das partes da edificación ou locais anexos que sexan destinadas a usos auxiliares ou complementarios da principal, tales como almacéns, garaxes, alpendres e galpóns, porches, cuartos de instalacións e outros análogos.

## 5.- OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS

5.1	Íncursión na situación legal de Fora de Ordenación Total de edificacións, de acordo coa D.T.3ª da Lei 2/2010 LOUG.	
4.1.1	Cota fixa por unidade ate 200 m2 de superficie construída da edificación	100,00 €/ud
4.1.2	Por cada m2 ou fracción en exceso	0,35 €/m2
5.2	Tramitación de solicitudes de prórroga de licenzas urbanísticas	15,00 €/ud
5.3	Para toda aquela actuación urbanística que se axuste ao feito impositivo desta ordenanza e non apareza especificada nos epígrafes anteriores, aplicarase unha cota fixa por unidade.	30 €/m2
5.4	A partir da 3ª visita de inspección, esta incluída, na tramitación de licenzas de primeira ocupación, utilización ou cambio de uso	30 €/visita

## ARTIGO 8. BONIFICACIÓNS.

Establécense as seguintes bonificacións da cota a favor de aqueles suxeitos pasivos que teñan recoñecida a condición de familia numerosa, acreditada coa presentación do título oficial expedido por a Consellería correspondente:

1. Categoría xeral: un 25%.